

## Tema 23. O franquismo: características e institucionalización (1939-1975)<sup>1</sup>

**Orientacións da ABAU:** O alumnado analizará as características esenciais do réxime franquista así como o seu proceso de institucionalización a través das denominadas Leis fundamentais, ademais de explicar o concepto de “Democracia Orgánica”, relacionando a evolución ideolóxica e institucional experimentada polo Réxime ao longo do tempo tanto co contexto político internacional como coas transformacións sufridas pola propia sociedade española.

Os documentos obxecto de comentario farán referencia a

- principios ideolóxicos do franquismo,
- leis fundamentais
- concepto de democracia orgánica

### 1. CRONOLOXÍA: 1939-1975.

O réxime franquista comeza o 1 de abril de 1939 e remata o 20 de novembro de 1975. Un réxime ligado á persoa de Francisco Franco Bahamonde que dende outubro de 1936 será xefe supremo das forzas rebeldes e, finalmente, xefe de estado da ditadura. Neste período, que adopta o nome do ditador, réxime franquista, podemos distinguir catro etapas<sup>2</sup>:

- 1) **Posguerra e Autarquía (1939-1953):** Etapa que se caracteriza polo illamento internacional (sobre todo tras a II Guerra Mundial) anos de carestía e fame e forte represión política e social.
- 2) **Fin do illamento internacional (1950- 1959):** Nestes anos asínanse os acordos cos EEUU e a inclusión na ONU e os tímidos cambios económicos.
- 3) **Desenvolvemento económico (1959-1973):** Entran no goberno os denominados tecnócratas, industrialización e turismo, éxodo rural e cambio na oposición ao réxime.
- 4) **Tardofranquismo (1973-1975):** Irrompe a crise do petróleo (1973), aumenta a oposición e ETA asasina a Carrero Blanco.

### 2. CARACTERÍSTICAS DO FRANQUISMO

A natureza política do franquismo é obxecto de discusión entre historiadores/as. A súa longa duración fai da ditadura un réxime que se vai adaptando ao contexto internacional modificando parte das súas características segundo as circunstancias. En todo caso, pódese cualificar á ditadura franquista como a ditadura persoal dun militar que tivo a súa fundamentación ideolóxica no pensamento autoritario, conservador, nacionalista e católico español e que incorporou numerosos elementos procedentes do fascismo. Podemos enumerar as seguintes características:

- 1) **Ditadura persoal:** Franco concentrou todos os poderes do Estado exaltando a súa figura recibindo o nome de *Generalísimo* e *Caudillo de España*.
- 2) **Partido único:** En 1937 Franco fusiona diferentes partidos na *Falange Española Tradicionalista de las JONS* (FET de las JONS). Máis adiante chamado *Movemento Nacional*.
- 3) **Unidade da patria e centralismo:** España foi considerada unha *unidade de destino no*

<sup>1</sup> Material baseado no Manual de Historia de España de 2º de Bacharelato da editorial Baía e os esquemas de Andrea Moreno [docs.google.com/document/d/1YaGORYejU9somxEFUNRotZxmK4pSyVFG5nUrZTJVXE/edit?tab=t.0]

<sup>2</sup> Hai autores/as que falan de tres etapas na vez de catro unindo nunha soa as dúas primeiras.

*universal*. Todas as terras que formabas España constituían unha entidade única e indivisible, rexida polo principio da unidade dun poder central. Calquera manifestación de particularismo, máis aló do folclore, foi perseguida.

- 4) **Nacionalcatolicismo:** Houbo unha total identificación entre os Estado e a Igrexa. Esta última converteuse na lexitimadora da ditadura. Durante o réxime franquista a Igrexa controlará a moral, costumes e educación. Franco tiña o privilexio de presentación de bispos e de poder entrar nas igrexas baixo palio. En troco, a Igrexa recibía, entre outros, a capacidade legal del adquirir, posuír e administrar toda clase de bens, restitución de parte dos bens eclesiásticos perdidos, establecer Seminarios e escolar por todo o Estado ou a competencia exclusiva en cuestións referidas ao matrimonio e control moral pública.
- 5) **Limitación dos dereitos:** Abolición de partidos e establecemento do Sindicato Vertical prohibindo a folga e o despido libre. Lexislouse o deber da fidelidade á patria, lealdade a Franco, o servizo militar obrigatorio, manter a unidade espiritual e nacional de España. Existían dereitos que estaban supeditados ao mantemento dos principios fundamentais do réxime o que facía imposible o seu exercicio con total liberdade.
- 6) **Subordinación da muller:** A familia considerábase a base fundamental da sociedade, baseada na moral cristiá, co matrimonio canónico indisoluble e cuxo obxectivo era a procreación. A Sección Feminina potenciou o modelo feminino caracterizado pola pasividade política e nula participación pública.
- 7) **Violencia:** Ao longo das case catro décadas de ditadura, a violencia e a represión a toda disidencia vai ser constante. Nas primeiras etapas de forma sistemática e, poderíamos dicir, metódica, nas últimas coa oposición ao réxime.

### 3. APOIOS AO RÉXIME

A súa longa permanencia no tempo enténdese grazas apoio de catro sectores fundamentais da sociedade.

- 1) **Igrexa:** encargada de lexitimar o réxime a cambio dos privilexios económicos, influencia política e do monopolio sobre a cultura e a educación que perderan a causa das reformas republicanas.
- 2) **Exército:** no cal ascendeu de novo aos africanistas e incorporou aos milicianos fascistas e requetés da Guerra civil (alféreces provisionais) e foi utilizado para reforzar o seu poder político.
- 3) **Organizacións políticas e sindicais do réxime: as FET de las JONS** (partido único do réxime creado tras o Decreto de unificación de 1937) e máis tarde o Movemento Nacional.
- 4) **Diversa base social:** Sectores socioeconómicos acomodados como empresarios industriais e financeiros, terratenentes, pequena burguesía urbana, mais tamén parte das clases populares urbanas e campesiñas oscilaron entre a aceptación resignada e o apoio adoutrinados polo nacionalcatolicismo e temerosos das represalias.

### 4. INSTITUCIONALIZACIÓN DO RÉXIME

A concreción legal e institucionalización do réxime franquista foi lenta e estivo articulada arredor dunhas leis denominadas no seu conxunto **Leis Fundamentais**. Un total de sete leis elaboradas entre 1938 e 1967 que funcionaban como unha especie de substituto constitucional.

#### 4.1 Posguerra e Autarquía (1939-1953):

A institucionalización do réxime e a construción do seu edificio xurídico comeza durante a

Guerra Civil. Nesta etapa ten influencia o contexto europeo previo á II Guerra Mundial e o propio desenvolvemento deste conflito bélico.

No inicio da institucionalización, Franco trata de crear un réxime de tipo fascista forxando a imaxe de líder único que identifica os intereses da nación cos seus propios. Mediante o **Decreto de unificación** (1937) creará o partido único do réxime onde aglutinaba a heteroxeneidade ideolóxica do bando sublevado (fascistas, afonsinos da CEDA, carlistas e católicos).

No ano 1938, dentro da idea de rexeitamento do constitucionalismo, creará a primeira das denominadas Leis fundamentais que suporán a arquitectura xurídica do réxime: o **FORO DO TRABALLO (1)**, unha copia da Carta di Lavoro (1927) do fascismo italiano na que se creaba o sindicato único (nacionalsindicalismo), exaltación do traballo como deber e honra e recoñecía dereitos laborais mínimos, sempre subordinados ao Estado.

En **1939 promulgarase a Lei de responsabilidades políticas** que artellou toda a represión franquista que, lonxe de reconciliar os dous bandos na guerra, serviu para eliminar á oposición ao réxime.

Ante o inicio da II Guerra Mundial España declárase **neutral**, mais ante as vitorias do Eixo fronte o Aliados, España declárase **non belixerante** en xuño de 1940. A entrevista entre Franco e Hitler en Hendaia nese ano resulta na colaboración na guerra con materias primas para o Eixo, colaboración na batalla do Atlántico dando cobertura aos submarinos nazis nos seus portos e nup envío da División azul (voluntarios falanxistas) á fronte de Leningrado<sup>3</sup>.

O ano 1941 marcará o inicio do distanciamento co eixo coa entrada de Estados Unidos na guerra e a sinatura da Carta do Atlántico na que EEUU e Reino Unido declaran a súa intención de eliminar o fascismo de Europa. Estes feitos provocarán o inicio dunha maquillaxe do réxime cara o pseudoliberalismo asimilable aos aliados. As derrotas do Eixo en 1942 marcan o inicio da derrota dos antigos aliados do franquismo. En outubro de 1943, España volve á **neutralidade**.

En 1942, Franco decreta a **segunda lei fundamental**, a **LEI CONSTITUTIVA DAS CORTES (2)**, para disfrazar o carácter totalitario do sistema creando un pseudoparlamento denominado Cámara de procuradores que aprobarán as leis que lles postule o Xefe do Estado. Os seus membros eran escollidos directamente por Franco ou de designación orgánica. As Cortes reuníranse por vez primeira en 1943.

En **1945**, coa derrota do Eixo, **aprobaranse dúas leis fundamentais máis:**

**FORO DOS ESPAÑOIS (3):** declaración de dereitos dos españois que nunca tiveron ningún efecto xa que recoñecía certas liberdades, pero sempre limitadas “dentro do espírito do réxime” e a súa aplicación estaba condicionada ao “interese do Estado”.

**LEI DO REFERENDO (4)** que permitía a Franco consultar mediante referendo aos españois sobre cuestións do Estado simulando ante os outros Estados a existencia de sufraxio en España. Só se celebraron dous: en 1947 para votar a Lei de Sucesión e en 1966 para aprobar a Lei Orgánica do Estado.

Finalizada a II Guerra Mundial, o ONU **condena ao réxime franquista en 1946** agudiza o seu illamento.

En **1947** promulgará a **LEI FUNDAMENTAL DE SUCESIÓN Á XEFATURA DO ESTADO (5)** na que definía España como un reino no que Franco asumía de xeito vitalicio a Xefatura do Estado pero

---

<sup>3</sup> O Réxime franquista vendeu a entrevista con Hitler como o momento no que Franco evitou que España entrase na II Guerra Mundial. Na realidade, as excesivas peticións de Franco (ficar coas colonias francesas en África occidental) fan imposible o acordo.

podía nomear un sucesor a título de príncipe (**en 1969 refrendarase a Juan Carlos de Borbón como sucesor de Franco na Xefatura do Estado**) coa intención de silenciar a oposición monárquica xurdida no Manifesto de Lausanne de 1945.

#### 4.2 Fin do Illamento internacional

O **contexto internacional da Guerra Fría** é clave para comprender o inicio do aperturismo do réxime. En **1953** cos acordos defensivos cos EEUU e o novo Concordato do Vaticano España pasou de ser un réxime illado a unha peza no taboleiro da Guerra Fría que permitiu a súa lexitimación internacional ao amparo dos EEUU. En 1955 pasa a ser membro da ONU e en 1959 recibe a visita de D.Eisenhower pasando a ser formalmente membro do bloque occidental.

Neste contexto, en 1958 apróbase a sexta Lei Fundamental, a **LEI DE PRINCIPIOS DO MOVIMIENTO NACIONAL (6)**. Os principios integran o ideario da Falanxe e do conservadurismo católico. Entre estes principios destacan: a unidade nacional, o catolicismo de Estado, a participación orgánica na vida política, o sometemento dos individuos á grandeza da nación española e o intervencionismo social do Estado.

A Lei de responsabilidades políticas é substituída polo TOP (**Tribunal de Orde Pública**).

#### 4.3 Desenvolvemento económico

Nesta etapa as características totalitarias do réxime quedan disimuladas e se conforma un réxime autoritario definido como Nacional-catolicismo onde a economía, antes fortemente intervida polos falanxistas, queda en mans dos tecnócratas do Opus Dei, liberais en economía pero igualmente conservadores no ideolóxico.

Xunto coa represión á oposición do réxime, a sociedade española da década de 1960 é moi diferentes á saída da posguerra. Isto significa que o crecemento económico do *Desarrollismo* conleva unha tímida apertura do réxime concretada na nova lei de prensa e na liberdade de culto privado e público doutras relixións.

En **1967** promulgarase a última Lei Fundamental, a **LEI ORGÁNICA DO ESTADO (7)**. Neste texto divídese a función do xefe de Estado e a de presidente do goberno. Franco prepara o mantemento do réxime despois da súa morte. Franco deixará a presidencia do Goberno en 1973 a favor de Carrero Blanco.

En 1969 Juan Carlos de Borbón é declarado sucesor de Franco.

#### 4.4 Tardofranquismo

O **crecemento económico da década de 1960** virase abaixo coa crise do petróleo de 1973, e o recoñecemento internacional sufrirá un duro revés a partir do proceso de Burgos e as posteriores condenas a morte da década de 1970. A oligarquía española vía como única vía de superación da crise ingresar nos circuítos internacionais da CEE pero esta denegaba a entrada en España debido ao seu carácter ditatorial.

Isto, sumado ao asasinato de Carrero Blanco a mans de ETA e á presión da oposición ao réxime, explican por que trala morte do ditador, **a vía reformista impúxose a vía continuísta** iniciándose o proceso coñecido como Transición democrática refrendado na **Lei de reforma política** de Adolfo Suárez.

## 5. DEMOCRACIA ORGÁNICA

O franquismo denominou ao seu modelo político de Democracia orgánica. Rexeitaban o modelo de democracia liberal representativa e substituírona por un modelo onde estaban representados os que o réxime consideraba a “verdadeira representación da sociedade a través dos seus órganos naturais e básicos”: familia, o municipio e o sindicato.

- 1) A **familia** patriarcal como base do réxime, onde o cabeza de familia elixía parte dos concelleiros.
- 2) Os **municipios**, formados polos concelleiros e polos alcaldes, que eran elixidos polo goberno.
- 3) O **Sindicato vertical** controlado polo Estado.

A democracia orgánica fundamentábase nas Leis Fundamentais aprobadas pola ditadura e rexeitaba a participación de partidos políticos, o sufraxio e a división de poderes. En última estancia, era a figura de Francisco Franco na que residía o poder.

## LEIS FUNDAMENTAIS DO RÉXIME FRANQUISTA

<p><b>FORO DO TRABALLO 1938</b></p>	<p>Inspirado na Carta di Lavoro do Fascismo Italiano Orixe da Lexislación social posterior: Maxistraturas para litixios laborais. OSE Seguridade Social enfermidade, vellez, invalidez e maternidade Vacacións retribuídas, subsidio familiar, descanso dominical...</p>
<p><b>LEI DE CORTES 1942</b></p>	<p>Carácter consultivo e deliberativo das Cortes Procuradores elixidos por Franco, outros por razón do seu cargo e representantes de sindicato vertical e entidades profesionais “ Por Deus, por España e ás ordes de Franco”</p>
<p><b>FORO DO ESPAÑOIS. 1945</b></p>	<p>Carta de Principios, dereitos e obrigas Estado católico, social e de dereito Obrigacións dos españois: fidelidade á patria, lealdade a Franco, respecto ós principios fundamentais, servizo militar, pagar tributos... Dereitos dos españois: Todos supeditados a manter e respectar os Principios fundamentais do Réxime. Non estaban garantidos e era imposible o seu exercicio con liberdade. Práctica da censura. Individuais: liberdade de opinión, residencia e reunión e asociación Participación e representación a través da Familia, Concello, Sindicato Sociais: educación, seguro social enfermidade e accidentes...</p>
<p><b>LEI DO REFERENDO 1945</b></p>	<p>O Xefe de Estado pode someter a referendo os proxectos de Lei que considere de interese O Xefe do Estado segue a ter plena liberdade para ditar as Leis Fundamentais sen necesidade de referendo</p>
<p><b>LEI SUCESIÓN XEFATURA DO ESTADO. 1947</b></p>	<p>Aprobada en referendo. España defínese como Monarquía Franco, Xefe de Estado vitalicio Franco resérvase o dereito de elixir o seu sucesor(católico, xurar os principios do Movemento) e de revocar a súa decisión aínda que xa fora aceptada polas Cortes Créase o Consello de Rexencia e o Consello do Reino</p>
<p><b>LEI PRINCIPIOS MOVEMENTO NACIONAL. 1958</b></p>	<p>Promulgado por Franco sen intervención das Cortes Resume do ideario das FET e das XONS Movemento Nacional como único Partido Principios: Unidade nacional, “ España é unha unidade de destino no universal” Catolicismo de Estado. Familia, concello, sindicatos como unidades básicas</p>
<p><b>LEI ORGÁNICA DO ESTADO. 1967</b></p>	<p>Votada en referendo Separación Xefe de Estado e Presidente de Goberno Forzas Armadas: garantes da integridade territorial, seguridade nacional e defensa do orde institucional Elección directa de 2 procuradores en cada provincia por cabezas de familia Posibilidade de creación de Asociacións Políticas Recurso de Contraforo: Contra todo acto legislativo ou disposición xeral que vulnere os principios do Movemento ou Leis Fundamentais.</p>